

Estimadas familias,

Dende a ANPA Outeiro de Veá queremos darvos a benvida á comunidade educativa do CEIP Manuel Villar Paramá.

Actualmente, integramos a Xunta Directiva os seguintes membros:

- **PRESIDENTA:** Margarita Baños Baños
- **VICEPRESIDENTA:** Montserrat Otero López
- **SECRETARIA:** M^a Jesús Codesido Basteiro
- **TESOUREIRA:** Rosa Alonso Pazos
- **REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR:** Lucía Gómez Fariña
- **VOGAIS:** Iria Eiras Duarte, Lucía Calvelo Otero, Lucía Riveira Vázquez, Elena Brea Loureiro, Aitor Sebio Molgado.

Dende a ANPA traballamos cada ano para mellorar o entorno educativo dos nosos nenos e nenas. Mantemos unha comunicación aberta e fluída co centro, e organizamos actividades que se levan a cabo en horario lectivo; no curso pasado, por exemplo, fixemos unha chocolatada con motivo do Nadal e organizamos actividades variadas para celebrar o final de curso.

O ano pasado puxemos por fin en marcha o comedor escolar, algo moi demandado dende había tempo e que supuxo un avance importante para a conciliación familiar. Para complementar este servizo, ofertamos actividades extraescolares que enlazan na seguinte franxa horaria.

Tamén participamos no Consello Escolar, levando a este organismo todas as suxestións e inquiredanzas que as familias nos aportan. É por iso que vos animamos a participar activamente, asociándovos á ANPA e facéndonos chegar as vosas ideas e preguntas.

Podedes contactar connosco a través do correo da ANPA (anpaouteirodevea@gmail.com). Tamén podedes informarnos de todas as novidades e dos menús mensuais no blogue anpaouteirodevea.blogspot.com ou no Facebook (ANPA Outeiro de Veá), ou enviando un Whatsapp ao número 603805687.

Benvidos e benvidas!